

M a i o 2017

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DA CORUÑA

Teatro Rosalía de Castro

Ciclo: "Os seráns no Rosalía"

Programa

De tradición con Suso Vaamonde



Director convidado
Juan Lois Diéguez

Solista
Suso Vaamonde



4º Concerto

Xoves 11 de maio do 2017 • 20.00 horas



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



BMMC
BANDA MUNICIPAL
DE MÚSICA DE A CORUÑA

Programa

De tradición con Suso Vaamonde

De tradición con Suso Vaamonde é unha idea de Juan Lois Diéguez, e Suso Vaamonde, músico intérprete de todo o que teña que ver con instrumentos populares galegos. Trátase dunha das simbioses máis antigas que se teñen dado no país: a de combinar instrumentos propios das bandas de música con instrumentos populares galegos.

Ao groso da Banda de Música, engádenselle, en cada tema do repertorio, diferentes instrumentos da tradición musical popular galega, todos eles interpretados por Suso Vaamonde. Dende os sobradamente coñecidos gaita, acordeón, pandeireta ou zanfona, ata os menos divulgados (que non por eso menos interesantes), requinta, asubío, birimbao, carrizo, tarrañolas, etc.

No programa atopamos tanto obras populares, como tamén de autor (Xoán Porto Becerra, Paulo Nogueira, Magoia Bodega, Xosé Romero...). Todas elas dun marcado carácter tradicional, e a meirande parte, arraxadas por Juan Lois Diéguez.

Durante o espectáculo, Suso Vaamonde explica o funcionamento dos diferentes instrumentos e fai un resumo da súa historia, procedencia, etc. de xeito ameno e divertido, convertindo así un concerto que podería ser meramente musical, en un espectáculo didáctico e lúdico por igual.

Este espectáculo foi estreado o 6 de agosto de 2016 en Gondomar, pola Banda de Música Cultural de Salceda de Caselas.

*Se chove
Eí ven o vento do mar-e
eí ven o vento mareiro;
eí ven o meu queridiño
vestido de mariñeiro.*

*Se chove, deixa chover-e;
se orballa, deixa orballar-e.
Por máis que chova e vente
de ti non me hei de apartar-e.*

*Pasei pola ponte abaixo
vin saltar unha sardiña;
“mariñeiros, ide ao mare
e botádelle a traña”!*

*Se chove, deixa chover-e;
se orballa, deixa orballar-e.
Por máis que chova e vente
de ti non me hei de apartar-e.*

Vindeiros concertos

Domingo 14 de maio: Concerto institucional, Praza de María Pita. 11.30 H. *Conmemoración da Xesta de María Pita e os Defensores da Cidade.* Director: J. L. Represas.

Luns 22 de maio. Pazo da ópera. 20.30 H. **Concerto extraordinario.** Programa: *Antoloxía da zarzuela.* Director: J. L. Represas.

Xoves 25 de maio. 5º Concerto. Seráns no Rosalía .20 H. Teatro Rosalía de Castro. Director: J. L. Represas. Programa: *Música galega.*

Xuño 2017, “Os xoves na praza das Bárbaras”. Xoves 1, 8, 15 e 22 de xuño. 20 H.

Se desexan ser informados das nosas actividades mediante correo electrónico, poden solicitalo en banda@coruna.es